

BASES DA CONVOCATORIA DE INTERRITMOS: SONS DO RURAL

A **Asociación de Desenvolvemento Local DELOA**, con CIF nº G-15.817.935, e dirección en Lugar da Escravidude, s/n, Padrón (A Coruña), o **Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra-Courel**, con CIF G-27.480.359, e dirección en Doctor López Lallana, nº 6-1ºD, Bóveda (Lugo), o **Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés Ulla Umia**, con CIF G-36.591.725, e dirección en Rúa do Cruceiro, 43, 36990 Sanxenxo (Pontevedra), o **G.D.R. ASDECOMOR, Asociación de Desenvolvemento Rural da Comarca de Ordes**, con C.I.F. G-15796766; e dirección en Oficina comarcal Xunta de Galicia, 1º andar. Rúa de Galicia, 23, 15680 Ordes (A Coruña) convocan o Concurso **Interritmos: Sons Do Rural**, enmarcado dentro do proxecto de traballo en rede, posto en marcha polos catro grupos de desenvolvemento rural, que está destinado a músicos/as, grupos e/ou bandas instrumentais e/ou vocais, que os seus traballos versen, ben na recreación ou evolución de pezas tradicionais, ben en pezas de nova creación que beban da música de raíz.

O Concurso rexerese polas seguintes **BASES**:

OBXECTO

Esta convocatoria enmarcase dentro da Medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020 e do convenio de colaboración subscrito entre os catro (4) Grupos de Desenvolvemento Rural (en diante, a Organización), como entidades colaboradoras da Consellería de Medio Rural para a aplicación dunha estratexia de Desenvolvemento local na medida Leader de Galicia cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, FEADER, no marco do PDR de Galicia 2014-2020 en virtude dos convenios formalizados o 13 de decembro de 2016 coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), modificado mediante addenda ao convenio asinada o 11 de decembro de 2020, para a execución en rede do proxecto Interritmos: Sons Do Rural.

O proxecto está dirixido a potenciar a recuperación e valorización do patrimonio inmaterial musical e cultural dos territorios dos GDRs participantes; e a promovelos como motor de desenvolvemento territorial sustentable.

PARTICIPANTES

Interritmos: Sons Do Rural está destinado a músicos/as, grupos e/ou bandas instrumentais e/ou vocais, de ata un máximo de 8 compoñentes, que os seus traballos versen ben, na recreación ou evolución de pezas tradicionais, ben en pezas de nova creación que beban da música de raíz.

Para poder formalizar validamente a inscrición é preciso que todos os/as músicos/as e membros do grupo ou banda participantes estean dados de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos e/ou constituídos nalgunha das formas xurídicas previstas pola normativa vixente.

Os participantes deben ser maiores de idade e residentes no estado español. Non poderán participar os membros dos equipos técnicos da Organización nin os seus familiares directos.

No caso de grupos nos que algún dos seus membros sexa menor de idade, poderán presentar a súa candidatura ao Concurso sempre que se trate de grupos integrados na súa maioría por persoas maiores de idade, na que o integrante designado representante do grupo solicítase os consentimentos preceptivos dos pais ou tutores dos menores.

No caso de que o representante do grupo sexa un terceiro, será necesario que fose apoderado para iso unha persoa maior de idade, e que solicítase igualmente os consentimentos necesarios.

A participación nesta convocatoria é gratuíta e supón a enteira aceptación das presentes bases e condicións, así como a submisión expresa dos participantes ás decisións interpretativas que das mesmas efectúe a Organización.

DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

No marco de **Interritmos: Sons Do Rural**, terá lugar un concurso *on line* de maquetas para músicos/as, grupos e/ou bandas instrumentais e/ou vocais interesados/as.

De entre todos/as participantes, seleccionaranse seis (6) finalistas, que participarán nun **ENCANTRO MUSICAL**, o vindeiro 4 de xuño, no “Náutico San Vicente do Mar” (O Grove), onde, **a través dunha actuación en directo de ata dez (10) minutos de duración e un mínimo de dúas (2) pezas a interpretar**, serán seleccionados dous (2) grupos/artistas que serán os gañadores.

A selección dos finalistas que participarán no encontro musical, levarase a cabo por un Xurado profesional, composto por 3 membros do eido profesional da música tradicional. Para a elección dos dous gañadores, engadirase aos 3 integrantes do xurado, un representante do Festival da Luz.

Os nomes dos integrantes do xurado profesional e a persoa que actuará como Presidente do mesmo faranse públicos na plataforma do concurso, así como a selección dos seis finalistas, que será publicado a partir do día 23 de maio de 2022.

Tras a actuación en directo de cada un dos finalistas no Náutico, o Xurado será o encargado de valorar as actuacións e seleccionar aos premiados finais a través de sistema de votación maioritaria.

O resultado final do encontro musical cos dous grupos/artistas premiados determinarase unha vez finalizadas as actuacións, e será comunicado o mesmo día tras a votación e deliberación do Xurado.

Ademais da selección dos finalistas e premiados, o xurado elaborará unha listaxe de suplentes, en orde de preferencia, para o caso de que se produza desistencia por parte dalgun dos gañadores ou imposibilidade sobrevida de facer efectivo o premio.

PRAZO E FORMA DE INSCRICIÓN

O prazo para a inscrición dos participantes estará aberto dende o día 25 de abril ata o 16 de maio de 2022 ás 14:00 h.

A inscrición poderase realizar na plataforma habilitada ao efecto en <http://interritmos.delo.es>.

Será necesario cumprimentar os datos do formulario de inscrición e subir a copia do iframe de SoundCloud da maqueta, de ata cinco (5) minutos de duración do tema a presentar.

No caso de grupos e/ou bandas instrumentais e/ou vocais, presentarase a solicitude a través dunha única persoa que actuará como representante dos mesmos. Unicamente se admitirá unha solicitude por músicos/as, grupos e/ou bandas instrumentais e/ou vocais. No caso de grupos e/ou bandas instrumentais e/ou vocais, deberase informar á Organización cales son os integrantes da mesma e o/os instrumentos que tocan ou voz que inclúe.

Os/as compoñentes dos grupos e/ou bandas instrumentais e/ou vocais inscritos/as, deberán ser os/as mesmos/as durante todo o proceso. En caso de baixa ou cambio por forza maior, deberase comunicar e xustificar debidamente. **Así mesmo, poderán concorrer en máis dun grupo e/ou banda instrumental e/ou vocal, sempre e cando non participen co mesmo instrumento dentro deste concurso.**

PREMIOS

Os dous premiados participarán nun **CIRCUÍTO MUSICAL**, actuando en directo nos territorios do GDR Deloa, o vindeiro 3 de setembro, do GDR ASDECOMOR, o 30 de setembro e do GDR Ribeira Sacra-Courel, o 7 e 8 de outubro de 2022.

Os circuítos musicais levaranse a cabo nalgunha das paraxes dos territorios do ámbito de actuación dos GDRs.

Así mesmo, terán dereito á gravación dunha peza que procederá de traballos de recollida do ámbito de actuación dos territorios dos GDRs e dun vídeo promocional nun estudo de gravación profesional.

As gravacións da peza musical e do vídeo promocional produciranse nunha xornada de traballo e realizaranse nas seguintes datas: 11 e 12 de xuño, 25 e 26 de xuño e/ou 2 e 3 de xullo.

Igualmente, os dous grupos e/ou solistas poderán participar na programación e nos escenarios do FESTIVAL DA LUZ 2022, sempre que a situación sociosanitaria derivada da pandemia pola Covid-19 o permita.

A data e a hora concreta da actuación determinarase entre os premiados e a Asociación Cultural Festival da Luz, e será incluída na axenda de programación do Festival.

Na dotación deste premio, non se incluírán as taxas ou canons que correspondan á tramitación dos dereitos das pezas musicais, e en particular, os relativos aos dereitos de autor ou calquera outro devengado pola actuación e gravación. De existir estes gastos, deberán ser asumidos polos/as músicos/as, grupos e/ou bandas instrumentais e/ou vocais.

Os músicos/as, grupos e/ou bandas instrumentais e/ou vocais, deberán acreditar a obtención das autorizacións pertinentes previamente á actuación musical e gravación.

O premio é indivisible. A renuncia ou imposibilidade de facer efectiva calquera das actuacións en directo e/ou a gravación no estudo de gravación implicará, excepto por causa de forza maior debidamente xustificada, a perda da condición de gañador e á renuncia da totalidade do premio.

Os GDRs Asociación de Desenvolvemento Local Deloa, Ribeira Sacra-Courel e Asdecomor, aboarán aos gañadores unha gratificación en metálico pola súa participación nos circuitos musicais que se desenvolvan nos seus territorios. O importe será de 240 euros, en caso de agrupacións de ata catro (4) integrantes, incrementándose proporcionalmente segundo o número de participantes (ata un máximo de 480 euros).

Na concesión dos premios deberá terse en conta a lexislación vixente en materia tributaria, aos efectos de aplicar ás retencións correspondentes.

GASTOS DE DESPRAZAMENTO

Os posibles gastos do transporte derivados das actuacións en directo serán asumidos pola Organización ata un máximo de douscentos euros (200 €) por músicos/as, grupos e/ou bandas instrumentais e/ou vocais, unha vez conste debidamente xustificado o gasto realizado atendendo aos criterios que marque a Organización. Deberán xustificarse os gastos nos que se incorra, achegando número de quilómetros, tickets de peaxe, parking, e/ou xustificantes de aluguer de vehículos para realizar os desprazamentos.

Igualmente, será asumido ata o mesmo máximo o custo de transporte para facer efectivo o premio da gravación no estudo de gravación.

Os posibles gastos derivados da actuación no Festival da Luz correrán a cargo do Festival da Luz.

EXCLUSIÓN DE PARTICIPANTES

A Organización poderá, a súa enteira discreción e en calquera momento, rexeitar a inscrición ou excluír a calquera participante do concurso, cando estes non cumpriran cos requisitos mínimos esixidos, cando proporcionasen datos falsos e/ou erróneos, cando por calquera motivo a súa intervención non fora apropiada ou idónea, ou por resultar a obra interpretada ofensiva no seu sentido máis amplo.

RÉXIME DE RESPONSABILIDADE

A Organización non se fai responsable dos danos e prexuízos derivados do suposto en que unha canción non sexa inédita e se xeren reclamacións pola devandita divulgación, sendo unicamente responsable a persoa baixo cuxo nome se divulgue. Así mesmo, a Organización non se fai responsable dos danos e prexuízos de calquera natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade do sistema de inscrición, nin aos

danos e prexuízos que poidan deberse a que a convocatoria non responda as expectativas que o participante depositase no mesmo.

PROPIEDAD INTELECTUAL

As pezas musicais que se interpreten deberán haber obtido, no seu caso, as autorizacións que fose necesario solicitar respecto dos posibles dereitos de terceiras persoas en relación á mesma para a súa interpretación.

Coa súa inscrición os músicos/as, grupos e/ou bandas instrumentais e/ou vocais aceptan e declaran que as pezas musicais a interpretar ou son unha obra orixinal e afirman ser titulares dos dereitos de autor ou ben posuír, no seu caso, autorización dos titulares para: i) a comunicación pública da obra mediante a actuación musical e ii) a súa reprodución, comunicación pública e distribución mediante a gravación, no seu caso, conforme ás bases da convocatoria.

A Organización poderá esixir aos participantes a entrega dun xustificante e unha declaración acerca da propiedade intelectual sobre a peza para interpretar en calquera momento e, en calquera caso, antes da aceptación do premio.

Así mesmo, o grupos/solistas participantes coñecen e aceptan que a súa inscrición no concurso supón:

- A súa autorización e cesión gratuíta á Organización dos dereitos de autor que, no seu caso, lle correspondan polas pezas musicais a interpretar, así como pola gravación e emisión posterior.
- A súa autorización para a mención dos seus nomes e premios obtidos para que poidan aparecer nas páxinas web da Organización, na do Programa Leader, e na do estudo de gravación, así como en calquera outro soporte comercial, publicitario ou medio de comunicación que poida utilizar a Organización a fin de informar e facer público o concurso realizado.

CESIÓN DE IMAXES

A Organización informa de que, co fin de difundir e divulgar o Proxecto **Interritmos: Sons Do Rural**, poderá fotografar e/ou gravar as actuacións en directo, podendo, ademais, editar ditas imaxes.

A aceptación destas bases supón o consentimento dos participantes a favor da Organización para recoller e editar as imaxes nas que aparezan os participantes nos contextos sinalados e para as finalidades mencionadas. No caso de que algún dos participantes sexa menor de idade, requirirase a autorización dos titores legais.

PROTECCIÓN DE DATOS

A Asociación de Desarrollo Local DELOA na súa condición de responsable de tratamento, informa que os datos recabados para a inscrición no Concurso serán tratados conforme á lexislación en materia de protección de datos, e particularmente conforme ao disposto no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril.

A finalidade do tratamento é a de identificar a grupo/solista como participante así como para informar (por medio de teléfono, correo electrónico e calquera medio telemático), das accións que se leven a cabo durante o desenvolvemento do concurso. A súa vez, poderán ser cedidos ás outras entidades que participan no proxecto coa finalidade de implementar as accións do mesmo, e unicamente con esa finalidade.

As categorías de datos que serán incluídos nos ficheiros pertencentes á Asociación corresponderán a datos de identificación, direccións postais ou electrónicas. Estes datos serán tratados durante o tempo que dure a relación establecida coa entidade ou ata que o/os participante/s exerciten os seus dereitos de baixa ou supresión.

A Asociación de Desarrollo Local DELOA cumpre coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, comprometéndose a respectar a súa confidencialidade e a utilízalos de acordo coa finalidade descrita, estando lexitimada polo consentimento que se outorga ao inscribirse no Concurso. Este consentimento poderá ser retirado en calquera momento, sen que elo afecte á licitude do tratamento con carácter previo a súa retirada.

Como usuario o/os participante/s poderán en calquera momento exercitar os seus dereitos de acceso aos datos, rectificación ou supresión, limitación do seu tratamento, oposición ao mesmo, así como a portabilidade dos seus datos, dirixíndose á Asociación de Desarrollo Local DELOA, (CIF G-15817935, con domicilio no Lugar dá Escravitude, s/n, Sta María de Cruces 15980 Padrón, teléfono 981 817000, e correo electrónico protecciondedatos@deloa.com, coa referencia "Concurso INTERRITMOS 2022"). A estes efectos, deberá identificarse mediante a achega de fotocopia de D. N.I.

OUTROS

A Organización resérvase o dereito para modificar as bases do Concurso en calquera momento, mesmo poderá chegar a anulalo ou deixalo sen efecto sempre que conorra causa xustificada, en todo caso comprometéndose facelas públicas pola mesma vía que esta convocatoria.